

Información

16/02/2021

COVID-19

Xa publicada no DOG a prórroga das restriccións con algunhas excepcións que entran en vigor mañá día 17 de febreiro ata o día 3 de marzo (aínda que o luns 22 revisaranse):

·Mantense peche perimetral de cada concello e reunións só entre conviventes.

Comercio: mantense aforo ó 50% e poderán estar abertos ata as 21:30. Os centros comerciais pecharán o sábado, domingo e festivos. Excepción dos vinculados a alimentación.

Hostelería: peche total ó consumo. Para servir a domicilio ata as 22:00 horas e para levar a domicilio ata as 24:00 horas. Poderán abrir comedores de empresa e comedores de estación de servizos para condutores profesionais que terán que comer en mesas individuais.

Ter en conta que se están estudando medidas para apertura da hostelería coa implantación de sistema de control de clientes. (¿Código QR?)

Apertura con aforo do 30%: bibliotecas, arquivos, salas de exposicións, cines, teatros e auditorios.

Apertura de ensinanza especializada, idiomas, música: a

partir do día 22.

Prestacións de autónomos: Xa se tramitaron segundo fomos informando. Informaremos dalgunhas nos seguintes días.

Subvencións Xunta: estamos pendentes de que se publiquen as axudas anunciadas pola Xunta, previsiblemente nesta semana. Informaremos e xestionarémolas de inmediato.